

INSTRUCCIÓN RELATIVAS Á DECLARACIÓN ANUAL DE SUBPRODUTOS - MATERIA PRIMA SECUNDARIA

INSTRUCCIÓN XERAIS

As instrucións internas desta secretaría xeral, que poden consultar en <http://sirga.medioambiente.xunta.es/resindustriais/resinertesmatprima.html>, establecen a obriga de presentar un informe anual sobre os subprodutos – materias primas secundarias utilizadas e/ou xeradas.

Quen debe presentar a declaración?

Aquelas empresas que teñan acredita por parte desta secretaría xeral o seguinte:

- A Xeración de subprodutos – materias primas secundarias (apartados 1.1 , 1.2 , 2.1 e 2.2)
- A Utilización de subprodutos – materias primas secundarias (apartados 1.1 , 1.3 , 2.1 e 2.3)

Como se debe presentar a declaración?

Debe cubrir o formulario de “declaración anual de subprodutos – materias primas secundarias” dispoñible na páxina web <http://sirga.medioambiente.xunta.es/tramites/declaracion.html> seguindo as instrucións amosadas a continuación, imprimilo e envíalo asinado e selado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e remitir unha copia en formato editable (Word, Excel, etc.) mediante correo electrónico.

Cal é o prazo de presentación?

- Ata o 1 de marzo de cada ano.

A quen se dirixe?

Por correo electrónico ao enderezo residuos.ma@xunta.es e en formato papel a:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Servizo de Planificación, Prevención e Información
Rúa San Lázaro, s/n
15781 – Santiago de Compostela (A Coruña)

Onde se presenta?

- No Rexistro xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ou nos rexistros dos Departamentos Territoriais.
- Nos rexistros dos concellos, cando teñan subscrito o convenio de portelo único.
- Nas oficinas de correos (correo certificado).

Normativa aplicable:

- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
-

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A DECLARACIÓN ANUAL DE SUBPRODUTOS – MATERIAS PRIMAS SECUNDARIAS

O formulario para a presentación da declaración anual de subprodutos - materias primas secundarias componse da portada de datos xerais e do formulario propiamente dito para cada un dos centros de traballo da empresa autorizados para xerar ou utilizar subprodutos - materias primas secundarias.

-PORTADA-

DATOS XERAIS

- **Declaración correspondente ao ano:** ano natural ao que se corresponde a declaración presentada. Este será o ano de referencia para o aporte de todos os datos solicitados ao longo da declaración.
- **Data:** data na que se cumprimenta a declaración.
- **Sinatura do representante legal e selo da empresa:** sinatura manuscrita, non se aceptan copias, da persoa que é representante legal da empresa e cuxos datos figurarán no apartado de "Representante da empresa".

ACTIVIDADE QUE DECLARA

Sinalar a actividade que se declara (xeración ou utilización de subprodutos - materias primas secundarias) e para cada unha delas:

- **Nº centros:** número de centros onde está autorizada a xeración ou utilización de subprodutos - materias primas secundarias na Comunidade Autónoma de Galicia pertencentes á empresa.
- **Data de autorización:** sinalarase a data da resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se autoriza a xeración ou utilización de subprodutos - materias primas secundarias.

DATOS XERAIS DA EMPRESA

- **Razón Social:** denominación da empresa.
- **N.I.F./C.I.F.:** número ou código de identificación fiscal da empresa.
- **Domicilio social:** enderezo da razón social da empresa.
- **Código Postal:** código postal da dirección da razón social.
- **Concello:** concello onde está situada a sede da razón social.
- **Provincia:** provincia onde está situado o concello da sede da razón social.
- **Teléfono:** número de teléfono da razón social.
- **Fax:** número de Fax da razón social.
- **Correo electrónico:** enderezo de correo electrónico da razón social.

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Neste apartado indicarse o enderezo seleccionado para a notificación con esta Secretaría Xeral no caso de ser distinta á da razón social.

PERSOA DE CONTACTO

Neste punto deberán indicarse os datos da persoa coa que a administración deberá poñerse en contacto no caso de que se produzan incidencias ou xurdan dúbidas sobre os datos declarados.

REPRESENTANTE DA EMPRESA

Indicarase neste apartado os datos persoais do representante legal da empresa produtora.

OBSERVACIÓNS OU INCIDENCIAS

Este apartado de campo libre deberá ser utilizado, en caso necesario, para aclarar circunstancias especiais relacionados cos datos aportados nesta declaración.

-FORMULARIO-

Debe cubrirse copia de dito documento completo (apartados 1-2) para cada un dos centros nos que se xeren ou utilicen subprodutos - materias primas secundarias declarados na portada de datos xerais e remitilos conxuntamente a esta secretaría xeral.

1. DATOS DO CENTRO XERADOR OU UTILIZADOR

Neste apartado cubrirase a información sobre os datos de xeración ou utilización de subprodutos - materias primas secundarias no centro de traballo.

1.1. Datos xerais

Datos xerais do centro

- **Denominación do centro:** denominación do centro de traballo.
- **Código C.N.A.E:** actividade do centro segundo o Código Nacional de Actividades Empresariais (CNAE-2009 ou última actualización) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.
- **Enderezo:** enderezo do centro de traballo.
- **Código Postal:** código postal da dirección do centro de traballo.
- **Concello:** concello onde está situado o centro de traballo.
- **Provincia:** provincia onde está situado o centro de traballo.
- **Teléfono:** número de teléfono do centro de traballo.
- **Fax:** número de Fax do centro de traballo.

Produtos ou servizos finais xerados no proceso industrial

- **Denominación do produto ou servizo:** nome co que se denomina o produto ou servizo xerado polo proceso industrial realizado no centro obxecto da declaración.
- **Código CPA:** codificación do produto ou servizo segundo a Clasificación Nacional de Produtos por Actividades (CPA-2008 ou última actualización), publicada polo Instituto Nacional de Estatística.
- **Cantidade anual xerada:** produción total no ano de referencia da declaración anual do produto ou servizo final.
- **Unidade:** indicar a unidade coa que se cuantifica a cantidade anual xerada de produto ou servizo. Preferentemente indicárase en **toneladas (t)**, aínda que se non é posible pódese utilizar outra: Kg, Kw/h, Unidades producidas, etc.

Exemplo.-

PRODUTOS OU SERVIZOS FINAIS XERADOS NO PROCESO INDUSTRIAL			
Denominación do produto ou servizo	Código CPA	Cantidade anual xerada	Unidade
Servizo de reparación e mantemento de automóviles	45.20.11	24.317	Horas

1.2. Subprodutos – Materias primas secundarias xeradas

Nota: Este apartado debe ser cuberto unicamente no caso de que a súa empresa teña acreditada por parte desta secretaría xeral a **xeración** de subprodutos – materias primas secundaria.

Debe incluírse unha relación neste cadro de todos os subprodutos - materias primas secundarias **xeradas** no centro de referencia, cubrindo os seguintes campos:

- **Descrición:** descrición o máis sinxela e precisa posible do subproduto - materia prima secundaria
- **Cantidade ALMACENADA do ano anterior (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o contedor ou recipiente) de materia prima secundaria almacenada no centro produtor a 31 de decembro do ano anterior ao que se informa por estar pendente da súa saída ao destino final, expresada en toneladas.
- **Cantidade XERADA (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o contedor ou recipiente) de materia prima secundaria xerada ao longo do ano que se informa, expresada en toneladas.
- **Saídas. Cantidade ENTREGADA a destinatario (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o contedor ou recipiente) de materia prima secundaria entregada a destinatario durante o ano que se informa. A relación destas saídas debe esta recollida no apartado 2.2. desta declaración.
- **Cantidade ALMACENADA a final do ano (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o contedor ou recipiente) expresada en toneladas de materia prima secundaria almacenada no centro produtor a 31 de decembro do ano que se informa.
- **Cantidade total (toneladas):** suma dos datos proporcionados para todas as materias primas secundarias.

Exemplo.-

SUBPRODUTOS - MATERIAS PRIMAS SECUNDARIAS XERADAS				
Descrición	Cantidade ALMACENADA do ano anterior (toneladas)	Cantidade XERADA (toneladas)	SAIDAS: Cantidade ENTREGADA a destinatario (toneladas)	Cantidade ALMACENADA a final do ano (toneladas)
Chatarra	5	15	20	0
CANTIDADE TOTAL (Toneladas):	5	15	20	0

Se a xestión das materias primas secundarias no seu centro de traballo foi adecuada o seguinte balance de masas debe cadrar para cada un destes fluxos, descontando as posibles perdas por transporte e/ou humidade. En caso contrario debe indicar no apartado "Observacións ou incidencias" as posibles causas.

$$\text{Saídas} + \text{Almacenada}_{\text{final ano}} \approx \text{Xerada} + \text{Almacenada}_{\text{ano anterior}}$$

1.3. Subprodutos – Materias primas secundarias utilizadas

Nota: Este apartado debe ser cuberto unicamente no caso de que a súa empresa teña acreditada por parte desta secretaría xeral a **utilización** de subprodutos – materias primas secundaria.

Debe incluírse unha relación neste cadro de todos os subprodutos - materias primas secundarias **utilizadas** no centro de referencia, cubrindo os seguintes campos:

- **Descrición:** descrición o máis sinxela e precisa posible da materia prima secundaria.
- **Cantidade ALMACENADA do ano anterior (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o contedor ou recipiente) de subprodutos - materia prima secundaria almacenada no centro produtor a 31 de decembro do ano anterior ao que se informa por estar pendente da súa saída ao destino final, expresada en toneladas.

- **ENTRADAS (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o contedor ou recipiente) de subproduto - materia prima secundaria recibida no centro xestor ao longo do ano de referencia, expresada en toneladas. A relación destas entradas debe estar recollida no apartado 2.2. da declaración.
- **Cantidade UTILIZADA (toneladas):** debe indicarse a cantidade neta (sen considerar o contedor ou recipiente) utilizada de subproduto - materias prima secundaria no seu centro de traballo, expresada en toneladas.
- **Cantidade ALMACENADA a final do ano (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o contedor ou recipiente) expresada en toneladas de materia prima secundaria almacenada no centro produtor a 31 de decembro do ano que se informa pendente de ser utilizada.
- **Cantidade total (toneladas):** suma dos datos proporcionados para todas as materias primas secundarias.

Exemplo.-

SUBPRODUTOS - MATERIAS PRIMAS SECUNDARIAS UTILIZADAS				
Descrición	Cantidade ALMACENADA do ano anterior (toneladas)	ENTRADAS (toneladas)	Cantidade UTILIZADA (toneladas)	Cantidade ALMACENADA a final do ano (toneladas)
Cinzas de forno	5	15	20	0
CANTIDADE TOTAL (Toneladas):	5	15	20	0

Se a xestión de subprodutos - materias primas secundarias no seu centro de traballo foi adecuada o seguinte balance de masas debe cadrar, descontando as posibles perdas do proceso e/ou do transporte. En caso contrario debe indicar no apartado "Observacións ou incidencias" as posibles causas.

$$\text{Entradas} + \text{Almacenada}_{\text{ano anterior}} \approx \text{Utilizada} + \text{Almacenada}_{\text{final ano}}$$

2. ENTRADAS E SAIDAS DE SUBPRODUTOS – MATERIAS PRIMAS SECUNDARIAS

2.1. Centro produtor ou utilizador

- **Denominación do centro:** indicar a mesma denominación do centro de traballo utilizada no apartado 1.

2.2. Saídas de subprodutos - materias primas secundarias xeradas

Nota: Este apartado debe ser cuberto unicamente no caso de que a súa empresa teña acreditada por parte desta secretaría xeral a **xeración** de subprodutos – materias primas secundaria.

Debe cubrirse unha copia deste cadro para cada subproduto - materia prima secundaria entregada ao destinatario e declarada no apartado 1.3. durante o ano que se informa, incluíndo os seguintes datos:

- **Descrición:** indicar a mesma descrición utilizada no apartado 1.2 para cada unha dos subprodutos - materias primas secundarias.
- **Destino:** deben cubrirse os datos sobre a empresa ou empresas destinatarias ás que lle foron cedidas (ou vendidas) as materias primas secundarias xeradas. Os campos concello e provincia deben conter información do centro de traballo deste destinatario, non da súa razón social.

Exemplo.-

Descrición do subproduto – materia prima secundaria:	Chatarra			
DESTINO				
Razón social	N.I.F./ C.I.F.	Concello	Provincia	Cantidade entregada (toneladas)
Fundición Chatarra, SL	B-99999999	Madrid	Madrid	20
CANTIDADE TOTAL (Toneladas):				20

A suma das cantidades das distintas saídas a destino deben coincidir coa cantidade declarada no campo “Saídas. Cantidade entregada a destinatario” do apartado 1.3.

2.3. Entradas de subprodutos - materias primas secundarias utilizadas

Nota: Este apartado debe ser cuberto unicamente no caso de que a súa empresa teña acreditada por parte desta secretaría xeral a **utilización** de subprodutos – materias primas secundaria.

Debe cubrirse unha copia deste cadro para cada subproduto - materia prima secundaria recibida e declarada no apartado 1.3. durante o ano que se informa, incluíndo os seguintes datos:

- **Descrición:** indicar a mesma descrición utilizada no apartado 1.3 para cada unha dos subprodutos - materias primas secundarias.
- **Orixe:** deben cubrirse os datos sobre a procedencia dos subprodutos – materias primas recibidas. Os campos concello e provincia deben indicar o centro de traballo deste produtor ou xestor de procedencia, non da razón social.

Exemplo.-

Descrición do subproduto – materia prima secundaria:	Cinzas de forno			
ORIXE				
Razón social	N.I.F./ C.I.F.	Concello	Provincia	Cantidade recibida (toneladas)
Eléctrica SL	B-99999999	Vigo	Pontevedra	10
Generación SA	A-99999999	Ourense	Ourense	5
CANTIDADE TOTAL (Toneladas):				15

Cómpre destacar que a suma das cantidades das distintas entradas debe coincidir coa cantidade declarada no campo “ENTRADAS” do apartado 1.2.